

GALARDÓN A ceense Concha Blanco recibe mañá na Fundación Neira Vilas o IV Premio de Poesía Arume

"Son aprendiz de poeta"

A autora, pedagoga e profesora, di que 'Cantos da rula' nace "para transmitir sentimentos"

Juan Floriani • Compostela

Mañá domingo entrégase na sede da Fundación Xosé Neira Vilas en Gres (Vila de Cruces) o Premio de Poesía Arume. Nesta cuarta edición a obra galardoada é o poemario para nenos *Cantos da rula*, da escritora Concha Blanco (Lires, Cee, 1950). Na clausura do acto participará Luis Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia.

Concha Blanco é coordinadora e coautora de varios libros de texto de Primaria e Secundaria ademais das correspondentes *Guías Didácticas*. Ademais, foi correspondente de prensa durante varios anos en colaboración cos seus alumnos, en programas de radio. Impartiu e coordinou cursos de Lingua Galega, proxectos de formación do profesorado e Xornadas da Nosa Lingua.

E como escritora leva unha longa traxectoria traballando dentro do xénero da narrativa infantil-xuvenil. De feito, Concha destaca a importancia do premio por ser unha obra poética. "Para min é unha satisfacción, pois dos trinta libros que teño editados, soamen-

te un é de poesía, pódese dicir que son aprendiz de poeta".

Nunha autobiografía súa, Concha Blanco afirma que o que máis lle gusta é soñar, pasear pola beira do mar na praia da Langosteira e observar a natureza.

Precisamente, dese encontro coa natureza, xorden moitos dos poemas que se inclúen en *Cantos da rula*, "son un total de 29 poemas que falan de diferentes aspectos da vida cotiá, como un bolígrafo por exemplo, e tamén da natureza, como a gaivota".

A Concha, pedagoga e profesora

de 1º de ESO gústalle ter contacto cos nenos, e segundo di ela "encántame traballar coa poesía na aula, que os nenos participen das lecturas, gústame indagar o que queren dicir esas palabras, e transmitírllelo ós nenos".

E de transmisión de sentimentos estamos a falar, pois para a autora, ese un dos aspectos máis importantes da poesía. "O meu libro non ten unha liña estrutural fixa, pois tento transmitir sentimentos, para min poesía non é sinónimo de rima, senón de transmisión de sentimentos".

Concha di que sendo nena fíxose amiga dos libros, ata o punto de namorarse deles. Un dos seus primeiros tesouros literarios foi *O gato con botas*.

Pero hai unha obra que a marcou para sempre, e precisamente o autor desa obra é quen lle entregará o premio Arume, Xosé Neira Vilas. "Para min é algo increíble, Neira Vilas marcoume coa súa obra *Memorias dun neno labrego*. É unha obra á que sempre volto, nunca a deixo de ler. Ademais, Neira Vilas, xunto con Castelao, ensináronme a importancia da nosa lingua".

Segundo asegurou ela mesma, aproveitará o acto de entrega do premio mañá en Vila de Cruces para "agradecerlle a Neira Vilas ese contaxio do amor pola terra. Eu intento aplicar ese sentimento nas aulas, para que os nenos crezan con ese amor pola terra onde naceron". ●

PREMIOS E OBRAS

Accésit Lazarillo e Premio Lecturas

A escritora recibiu un accésit Lazarillo en 1997, recibiu o Premio Lecturas en 2002, foi finalista do Barco de Vapor en 1988 e outras tres veces (1996, 1999 e 2003) no Premio Merlín.

Obras para a lectura infantil

Entre os numerosos títulos que publicou Concha Blanco, hai que destacar *O noso Pepe* de 1988, *¿Andrómedas?* de 1989, *O vestido de Cora* de 1996 ou *Boris e compañía* de 2005.



Concha Blanco leu o pregón das festas da Xunqueira o ano pasado

O ACTO DE ENTREGA

Haberá unha actuación do dúo Seixo de violín e zanfona

A escritora e profesora Concha Blanco recibirá 1.000 euros en metálico e o seu poemario, *Cantos da rula*, será publicado por Edicións do Castro. A esta cuarta edición do premio da Fundación Neira Vilas presentáronse un total de 21 orixinais. No acto de en-

trega de mañá, que se celebrará na vila de Gres e que terá entrada libre, actuará o dúo Seixo, de violín e zanfona. A finalidade deste galardón é "estimular a creación poética e achegar as nenas e os nenos ó fermoso mundo da lírica", indican dende a Fundación.